

VECIÑANZA PÍDELLE AO CONCELLO DE CUNTIS QUE CUMpra COAS AXUDAS PROMETIDAS AO COMERCIO LOCAL E ESTABLEZA LIÑAS DE AXUDA Á HOSTALARÍA

- *O Concello de Cuntis non estableceu bonificacións nin exencións fiscais de ningún tipo para negocios e actividade económica afectada pola crise do coronavirus e as súas consecuencias. Das medidas anunciadas en maio, así como campañas de promoción do comercio e do turismo, non aplicou ningunha.*
- *O Concello de Cuntis cobrou puntualmente as taxas do IAE e de entrada de vehículos, así como anteriormente os recibos do lixo e da auga. O Goberno Municipal seguiu durante este ano abonando mensualmente facturas en concepto de publicidade e autobombo.*
- *O Goberno Local de Cuntis conta co apoio de Veciñanza na xestión da crise do coronavirus, pero non está a cumprir moitos dos acordos acadados que implican traballar no establecemento de axudas.*

Cuntis, 07 de novembro de 2020

Ao contrario que os municipios da contorna, o Concello de Cuntis non estableceu bonificacións nin exencións fiscais de ningún tipo para negocios e actividade económica afectada pola crise do coronavirus e as súas consecuencias. Das medidas anunciadas en maio, así como campañas de promoción do comercio e do turismo, non aplicou ningunha. A ordenanza de ocupación do espazo público (a de terrazas) non foi suspendida **senón que non estaba sendo aplicada xa de antes, debido a que o grupo de goberno non foi quen de aprobara na súa totalidade ao carecer da táboa de coeficientes**. As campañas promocionais acordadas na Xunta de Portavoces para impulso do comercio e do turismo quedaron en simples anuncios. **O Goberno Municipal non traballou na adaptación dos mecanismos tributarios para facerlle fronte á crise económica.**

Pola contra, o Concello de Cuntis cobrou puntualmente no mes de setembro as taxas do IAE e de entrada de vehículos correspondentes ao ano 2020, así como anteriormente os recibos do lixo e da auga. O Goberno Municipal seguiu durante este ano abonando mensualmente facturas en concepto de publicidade e autobombo, nalgúns casos sen contrato e reparos da Intervención Municipal. Este gasto é unha marca de identidade dun goberno que vive de anunciar, pero que queda en evidencia cando se trata de ofrecer solucións.

Veciñanza pídelle ao Goberno do PSOE que se poña a traballar con seriedade no establecemento de axudas aos máis damnificados pola crise, nomeadamente o sector hostaleiro, que en Cuntis sofre unha dobre crise: a das restricións sanitarias (limitación de aforos, impedimento do uso da barra, etc.) e do descenso de visitantes. Ademais disto, Cuntis padeceu unha alta incidencia de





contaxios de coronavirus durante o mes de outubro, co que as dificultades incrementáronse notablemente.

Para combater as consecuencias da crise do coronavirus non é suficiente coa aplicación de medidas restritivas, que evidentemente son imprescindibles e contan co noso apoio, senón que é necesario implementar tamén axudas de carácter económico ou tributario para compensar as dificultades causadas pola pandemia.

O Goberno Local de Cuntis conta co apoio de Veciñanza na xestión da crise da pandemia do coronavirus, pero non está a cumprir moitos dos acordos acadados que implican traballar no establecemento de axudas. **Veciñanza está a manter unha posición de absoluta lealdade institucional, pero non pode mirar para outro lado** naqueles aspectos nos que o PSOE se amosa incapaz de actuar nunha situación tan delicada como a que padecemos nestes 2020.

